

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D.^a María Dolores Pan Lesta
D.^a María Mercedes Prieto Lamas
D.^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

NON ASISTE:

D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D.^a Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día oito de agosto do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión constitutiva baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.^a María Dolores Pan Lesta, D.^a María Mercedes Prieto Lamas, D.^a Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria accidental, D.^a Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 1 DE AGOSTO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 1 de agosto de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 1 de agosto de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 21 de xullo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975S). DOG núm. 148, do 04-08-2023.

- Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de 3 de agosto de 2023, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 187, do 07-08-2023.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de xullo ao 3 de agosto de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1315/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade núm. 1337/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1315/2023	28-07-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 20 m ² de vía pública na rúa Bosque Animado, parroquia de Cecebre, dende o 13 de xullo ata o 13 de agosto de 2023, para a instalación dun andamio con motivo da realización de obras na vivenda unifamiliar na rúa Bosque Animado parroquia de Cecebre, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras núm. 2023/U026/000089. Solicitante: RPPV
1316/2023	27-07-2023	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a MTRM. Motivo da baixa: Traslado definitivo de residencia a outro concello. A data de baixa é: 03/07/2023.
1317/2023	27-07-2023	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor 2023/C002/000058, cuxo obxecto é un contrato de servizos consistente na actuación a cargo da Asociación de Tunos Veteranos de La Coruña de "¡Aúpa Tuna!" que terá lugar o 19 de agosto de 2023 ás 19:00h no Parque da Igrexa de Cambre. Adxudicar o contrato menor á Asociación de Tunos Veteranos de La Coruña, por importe de 1.120,00 € (exento de IVE)
1318/2023	28-07-2023	Dar a acceso a BCF aos documentos que obran incorporados ao Expediente TEDEC 2023/G003/001224
1319/2023	28-07-2023	Aprobar a nómina do mes de xullo de 2023 cun importe total retribucións brutas mes 410.574,49 euros
1320/2023	28-07-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de agosto de 2023
1321/2023	28-07-2023	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xuño de 2023. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xuño de 2023 por importe de 22.691,63 euros no concepto non orzamentario "20030 Cota traballador á Seguridade Social"
1322/2023	28-07-2023	Estimar o recurso de reposición interposto por VMCL contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1080/2023 de data 16 de xuño de 2023 pola que se lle cesaba como funcionaria interina no posto de auxiliar de turismo
1323/2023	28-07-2023	Non estimar o recurso de reposición interposto por MdelMCV contra a resolución da concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 1079/2023 de data 16 de xuño de 2023 pola que se lle cesaba como funcionaria interina pola reincorporación ao seu posto de traballo da titular do mesmo en cumprimento da resolución da Alcaldía número 1076/2023 de data 16 de xuño de 2023
1324/2023	31-07-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ata o 11/07/2024 que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: FBC
1325/2023	31-07-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: SRG
1326/2023	31-07-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MNV
1327/2023	31-07-2023	Renovar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ACM
1328/2023	31-07-2023	Autorizar á instalación dun posto de bebidas, bocadillos e outros comestibles no campo da Feira de Cambre durante a celebración do XXXI Festival Rock in Cambre o día 5 de agosto de 2023 así como ao uso e explotación Solicitante: EVPL
1329/2023	01-08-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 23 para o ano 2023, solicitado polo seu titular RFC anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
1330/2023	02-08-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 7 para o ano 2023, solicitado pola súa titular MJGF e anotar a tal efecto o citado visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
1331/2023	02-08-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 18 para o ano 2023, solicitado polo seu titular MPR e anotar o citado visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
1332/2023	02-08-2023	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais. Solicitante: SGS

1333/2023	02-08-2023	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro do día 7 de agosto ao 15 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos
1334/2023	02-08-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que, pola súa discapacidade, se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: DMG
1335/2023	02-08-2023	Levantar os reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal no informe de intervención LMR – REPARO 77 SUSPENSIVO de data 20 de xullo de 2023
1336/2023	03-08-2023	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 16 a substituír o vehículo co que presta servizo, por outro de nova adquisición. Aprobar as liquidacións das taxas pola revisión de vehículo (27,60€) e pola autorización para substitución de vehículo (21,50€), por un importe total de 49,10 €. Anotar a presente resolución no Rexistro de Títulos Habilitantes a través da plataforma informática "Rtaxi". Solicitante: AAS
1337/2023	03-08-2023	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 25 a substituír o vehículo co que presta servizo, por outro de nova adquisición. Aprobar as liquidacións das taxas pola revisión de vehículo (27,60€) e pola autorización para substitución de vehículo (21,50€), por un importe total de 49,10 €. Anotar a presente resolución no Rexistro de Títulos Habilitantes a través da plataforma informática "Rtaxi". Solicitante: JLSF

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López